[RRCMSGN]

Na sala de comisións "Concepción Arenal" do pazo Parlamento de Galicia reúnese a Comisión 4ª, Educación e Cultura, o día 27 de febreiro de 2025, ás 10:30 horas, logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

María Felisa Rodríguez Carrera
(Vicepresidenta, en funcións de presidenta)
Daniel Castro García
(Secretario)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Juan Manuel Casares Gándara
(en substitución de Victor Manuel Baladrón Lamas)
José Luis Ferro Iglesias
Julio García Comesaña
Patricia García González
Carmen María Pomar Tojo
Ángel Rodríguez Conde
(en substitución de Rubén Lorenzo Gómez)
Raúl Santamaría González
Cecilia Vázquez Suárez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
María Cristina Fernández Davila
Secundino Fernández Fernández
Mercedes Queixas Zas
Paulo Ríos Santomé
(en substitución de Iria Taibo Corsanego)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Julio Ernesto Abalde Alonso
Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Armando Ojea Bouzo

Outros intervenientes:
María Dolores Hermelo Piñeiro

Letrada:
Raquel Rodríguez Carro

PARLAMENTO DE GALICIA

A vicepresidenta, en funcións de presidenta, abre a sesión e rógalle ao secretario que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución.

Logo da constatación deste, a presidenta informa de dúas alteracións na orde do día:

- A primeira, por petición do G.P. dos Socialistas de Galicia e co acordo dos restantes grupos parlamentarios, consistente en debater en último lugar a iniciativa que figura en primeiro lugar (núm. 6015).

-A segunda, refírese á acumulación a efectos de debate das iniciativas núm. 14583 e 16382, de conformidade co establecido no artigo 162.2 do Regulamento da Cámara.

Éntrase no desenvolvemento da orde do día:

Punto único.- Proposicións non de lei

1.1 12543 (12/PNC-001190)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Queixas Zas, Mercedes
Sobre a demanda á Xunta de Galicia da restauración urxente do cruceiro da Roza, localizado no concello de Bueu
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 102f1, do 17.10.2024

O **señor Ríos Santomé, Paulo (BNG),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, intervén en primeiro lugar a **señora Longueira Castro, Silvia (S),** argumentando a postura do seu grupo a prol da iniciativa.

Nesta mesma rolda intervén a **señora Hermelo Piñeiro, María Dolores (P),** quen, tras matizar moitas das argumentacións expostas polo propoñente, xustifica o voto en contra do grupo que representa.

Na rolda de puntualizacións o **señor Ríos Santomé, Paulo (BNG),** insiste nas necesidades que demanda para a restauración do cruceiro da Roza, no concello de Bueu.

PARLAMENTO DE GALICIA

De seguido, procédese ao debate acumulado das seguintes iniciativas:

1.2 **14583 (12/PNC-001425)**
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Fernández Davila, María Cristina e 2 máis
Sobre as medidas que debe impulsar a Xunta de Galicia no campo da dixitalización no ensino e no que concirne ao programa E-dixgal
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 123, do 27.11.2024

1.3 **16382 (12/PNC-001566)**
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Abalde Alonso, Julio Ernesto e Longueira Castro, Silvia
Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe pór en marcha no que atinxe ao programa e-Dixgal e á dixitalización no ensino
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 139, do 15.01.2025

A Presidencia informa que a estas iniciativas se presentaron dúas emendas de substitución por parte do G.P. Popular de Galicia (núms. 20878 e 20880, respectivamente).

Intervén en primeiro lugar a **señora Fernández Davila, María Cristina (BNG),** seguida do **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** ambos intervenientes defenden e formulan as súas respectivas iniciativas con ampliación dos argumentos que delas se fan por escrito e que aparecen publicados nos BOPG que anteriormente se refiren.

Para defensa das emendas de substitución presentadas toma a palabra a **señora Vázquez Suárez, Cecilia (P),** amosando a predisposición do seu grupo a acadar un texto transaccionado que sexa positivo para a comunidade educativa.

Na rolda de puntualizacións, tanto a **señora Fernández Davila, María Cristina (BNG),** como o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S)**, tras incidir na importancia das súas respectivas iniciativas, motivan a non aceptación das emendas.

De seguido, a Presidencia, previo acordo de todos os grupos, fai un receso para facilitar a incorporación do voceiro do G.P. Popular de Galicia.

(Suspéndese a sesión ás 11.35 horas).

(Reiníciase a sesión ás 11.45 horas).

PARLAMENTO DE GALICIA

1.4 15635 (12/PNC-001524)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Vázquez Suárez, Cecilia e 8 máis
Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que reforce a súa colaboración coa UNED para incrementar na nosa comunidade a oferta de prazas para o máster de formación do profesorado
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 135, do 02.01.2025

A Presidencia comunica que a esta proposición non de lei o G.P. dos Socialistas de Galicia, presentou unha emenda de adición dun novo parágrafo (doc. núm. 20864), da que obvia a súa lectura dado que se remitiu aos membros da comisión.

Deseguido concédelle a palabra ao **señor García Comesaña, Julio (P)**, previamente agradece que se teña posibilitado a súa incoporación á Comisión e, a seguir, procede á formulación e defensa desta iniciativa de impulso con ampliación das argumentacións que dela se fan por escrito e que aparecen publicadas no BOPG que anteriormente se cita.

Na rolda do grupo parlamentario emendante intervén o **señor Abalde Alonso, Julio Ernesto (S),** para explica o sentido da súa emenda que agarda sexa tida en conta.

Na rolda de grupos parlamentarios non emendantes interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M)** e o **señor Castro García, Daniel (BNG),** respectivamente, e, logo de expoñer as súas argumentacións a respecto da proposta formulada, anuncian o voto positivo a esta iniciativa.

Na rolda de puntualizacións e posicionamento sobre a emenda presentada, o **señor García Comesaña, Julio (P)**, agradece o tono das intervencións, e propón un texto transaccionado coa emenda que ten o contido literal seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar os lazos de colaboración coa UNED para incrementar a oferta de prazas a distancia do máster de profesorado que, actualmente, oferta esta institución en Galicia; así como buscar promover que as universidades públicas do SUG incremente a súa.»

1.5 17915 (12/PNC-001665)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pomar Tojo, Carmen María e 9 máis
Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego co obxectivo de que impulse accións que permitan a inclusión do videoxogo no sistema cultural galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 147f2, do 29.01.2025

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación do acordo, BOPG n.º 165, do 03.03.2025

A **señora Pomar Tojo, Carmen María (P),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia.

A esta iniciativa non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios pola Presidencia, interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** a **señora Longueira Castro, Silvia (S)**, e a **señora Queixas Zas, Mercedes (BNG),** para comentar o obxecto da iniciativa e as posibles accións do Goberno galego para incluír o videoxogo no sistema cultural galego.

Na rolda de puntualizacións a **señora Pomar Tojo, Carmen María (P),** comenta as anteriores intervencións e insiste en solicitar o apoio a esta iniciativa de impulso ao Goberno.

1.6 6015 (12/PNC-000725)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Longueira Castro, Silvia e Abalde Alonso, Julio Ernesto
Sobre determinadas medidas que o Goberno galego debe levar a cabo en relación coa promoción do patrimonio cultural de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43f1, do 26.06.2024

A **señora Longueira Castro, Silvia (S),** expón os motivos nos que se basea a proposición non de lei, ampliando os que se conteñen na súa presentación escrita e publicada no BOPG anteriormente subliñado.

A Presidencia informa que a esta proposición non de lei non se presentaron emendas, polo que, aberta a rolda de grupos parlamentarios, interveñen o **señor Ojea Bouzo, Armando (M),** a **señora Queizas Zas, Mercedes (BNG)** e o **señor -Ferro Iglesias, José Luis (P),** argumentan as posturas dos seus grupos a prol da iniciativa.

Na rolda de puntualizacións a **señora Longueira Castro, Silvia (S),** pecha o debate comentando as anteriores intervencións e agradecendo o apoio á proposta.

Rematado o debate, a Presidencia procede á votación das proposicións non de lei, pola orde na que figuran na convocatoria:

1 6015 (12/PNC-000725), do **G.P. dos Socialistas de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas** con dereito a voto.

PARLAMENTO DE GALICIA

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:
1. Supervisar que os titulares dos bens de interese cultural de Galicia cumpren coa obriga de abrilos para a súa visita gratuíta catro días ao mes.
2. Promover que o pobo galego coñeza o seu patrimonio cultural.
3. Planificar para difundir, implementar ou poñer de relevancia os BIC galegos que non teñan unha visibilidade significativa.»

2 12543 (11/PNC-001190), do G.P. do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal, que resulta **rexeitado** por:

Votos a favor:..... 8 (G.P.BNG+S+M)
Votos en contra: ..... 9 (G.P.P)
Abstencións: 0

A seguir, sométese a votación conxunta o texto transaccionado acordado polos grupos parlamentarios das seguintes iniciativas:

3 14583 (12/PNC-001425), do **G.P. do Bloque Nacionalista Galego** e a

5 16382 (12/PNC-001566), do **G.P. dos Socialistas de Galicia**

Resultan **aprobadas pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas** con dereito a voto

O texto aprobado é o seguinte:

«O parlamento galego insta a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP a:
1. Realizar unha avaliación seria do programa E-dixgal tras dez anos de implementación nas aulas, coa participación de todos os sectores afectados: familia, alumnado e docentes, para coñecer o seu uso (dependendo dos centros, curso, materias...) e que valoración teñen do programa. Avaliar en que medida este recurso dixital está favorecendo realmente a aprendizaxe e se supón unha mellora da competencia dixital, que é o que se espera dun programa deste tipo.
2. Identificar boas prácticas, en que centros o nivel de satisfacción é alto por parte dos distintos sectores e como se está empregando.
3. Mellorar a información que reciben as familias sobre E-dixgal, que achega ao proceso de aprendizaxe e como se emprega desde as distintas materias.
4. A través da Certificación de Competencia Dixital Docente (CDD), integrar E-dixgal na formación do profesorado promovendo un uso interdisciplinar xunto con máis ferramentas, onde nas materias que se empregue o libro dixital tamén teñan cabida

PARLAMENTO DE GALICIA

outros recursos, especialmente en primaria e 1º ESO.
5. Reforzar o desenvolvemento da dimensión da competencia dixital relativa ao uso responsable das TIC, a xestión da privacidade e a identidade e de saber facer unha lectura crítica dos contidos e dos procesos, un uso ético e responsable destas ferramentas.»

4 15635 (12/PNC-001524), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto transaccionado proposto. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar os lazos de colaboración coa UNED para incrementar a oferta de prazas a distancia do máster de profesorado que, actualmente, oferta esta institución en Galicia; así como buscar promover que as universidades públicas do SUG incremente a súa.»

6 17915 (12/PNC-001665), do **G.P. Popular de Galicia.** Sométese a votación o texto resolutivo orixinal. Resulta **aprobado pola unanimidade dos 17 deputados e deputadas** con dereito a voto.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia ao desenvolvemento de accións que permitan a inclusión do videoxogo no sistema cultural galego.»

Non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión.

Remata a sesión ás 13:45 horas.

María Felisa Rodriguez Carrera

Firmado digitalmente por María Felisa Rodriguez Carrera
Nombre de reconocimiento (DN): cn=María Felisa Rodriguez Carrera, email=felisa.rodriguez.carrera@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2025.03.24 08:38:59 +01'00'

V.º pr.
María Felisa Rodríguez Carrera
Presidenta en funcións da Comisión

Daniel Castro García

Firmado digitalmente por Daniel Castro García
Fecha: 2025.03.21 14:03:32 +01'00'

Daniel Castro García
Secretario da Comisión